

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311GZ	<i>Expediente</i> CON/84/2018	<i>Fecha</i> 06-08-19 09:11

Número 26 .- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadá relativa á aprobación do expediente denominado "Subministración de dous vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. CON/84/2018.

Destinatario

15078DCMG1311GZd



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 05 de agosto de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 26 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁ RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DENOMINADO "SUBMINISTRACIÓN DE DOUS VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA; APROBACIÓN DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. CON/84/2018.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 31 de xullo de 2019, do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadá. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 2019/684.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Gonzalo Muiños Sánchez, concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadá e festas, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 15/06/2019,

EXPÓN:

1. Con data 22 de marzo de 2019, o xefe do Servizo de Bombeiros emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación da subministración de dous

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1311GZ	CON/84/2018	06-08-19 09:11

vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela.

2. Con data 8 de abril seguinte, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda e administración resolveu iniciar o expediente proposto, ao que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, xa o día 31 de xullo, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "*o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación*".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Subministración de dous vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1311GZ	CON/84/2018	06-08-19 09:11

adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **83.814,00 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 17.600,94 euros.

LOTE I (vehículo todoterreo): o prezo con IVE é 54.439,11 euros. A esta cantidade minoraráselle o importe dos vehículos usados que o Concello entregará como parte do pago do prezo do contrato, ascendo o seu importe a 2.950,23 euros, resultando un orzamento total con IVE incluído e co importe de minoración por entrega dos vehículos usados de 51.488,88 euros.

LOTE II (vehículo urbano tipo furgoneta): o prezo base e de 38.823 euros cun IVE de 8.152,83 euros tendo un prezo total con IVE de 46.975,83 euros.

Desagrégase nos seguinte cadros:

	PREZO BASE	IVE	PREZO CON IVE	PREZO DOS VEHÍCULOS PARA ENTREGAR	PREZO TOTAL CON IVE DESCONTANDO O PREZO DOS VEHÍCULOS PARA ENTREGAR
LOTE I VEHÍCULO TODO TERREO	44.991€	9.448,11€	54.439,11€	2.950,23€	51.488,88€

	PREZO BASE	IVE	PREZO CON IVE
LOTE II VEHÍCULO URBANO TIPO FURGONETA	38.823€	8.152,83€	46.975,83€

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 62400."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1311GZ	CON/84/2018	06-08-19 09:11

Aprobar o expediente denominado **Subministración de dous vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela**, así como aprobar o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **83.814,00 euros IVE aparte**.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 17.600,94 euros.

LOTE I (vehículo todoterreo): o prezo con IVE é 54.439,11 euros. A esta cantidade minoraráselle o importe dos vehículos usados que o Concello entregará como parte do pago do prezo do contrato, ascendo o seu importe a 2.950,23 euros, resultando un orzamento total con IVE incluído e co importe de minoración por entrega dos vehículos usados de 51.488,88 euros.

LOTE II (vehículo urbano tipo furgoneta): o prezo base e de 38.823 euros cun IVE de 8.152,83 euros tendo un prezo total con IVE de 46.975,83 euros.

Desagrégase nos seguinte cadros:

	PREZO BASE	IVE	PREZO CON IVE	PREZO DOS VEHÍCULOS PARA ENTREGAR	PREZO TOTAL CON IVE DESCONTANDO O PREZO DOS VEHÍCULOS PARA ENTREGAR
LOTE I VEHÍCULO TODO TERREO	44.991€	9.448,11€	54.439,11€	2.950,23€	51.488,88€

	PREZO BASE	IVE	PREZO CON IVE
LOTE II VEHÍCULO URBANO TIPO FURGONETA	38.823€	8.152,83€	46.975,83€

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311GZ	<i>Expediente</i> CON/84/2018	<i>Fecha</i> 06-08-19 09:11

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 060 13600 62400.

A CONCELLEIRA SECRETARIA SUBSTITUTA DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Marta Abal Rodríguez



